

O RELOXIO DO CONSISTORIO E A LUZ DE GAS

Luís Rodríguez Rodríguez

RESUMO

A mediados do século pasado Lugo era unha cidade de certa importancia moi preocupada polo ornato público, e cun problema que viña de vello: o reloxio da catedral andaba case sempre desaxeitado. Deste xeito os lugueses non sabían en que hora vivían, polo que o alcalde decide instalar un no Consistorio. O artigo recolle as vicisitudes do aparato ata que comenzou a camiñar.

A luz de gas foi un anceio do Concello de Lugo orientado a ilumina-las rúas e que logo iluminaría tamén as vivendas. Pero todo se veu abajo pola pouca seriedade do instalador, o inglés James Bollams.

RESUMEN

A mediados del siglo pasado Lugo era una ciudad de cierta importancia muy preocupada por el ornato público, y con un problema que venía de viejo: el reloj de la catedral estaba casi siempre estropeado. De este modo los lucenses no sabían en qué hora vivían, por lo que el alcalde decide instalar uno en el Consistorio. El artículo recoge las vicisitudes del aparato hasta que empezó a andar.

La luz de gas fue un anhelo del Ayuntamiento de Lugo orientado a iluminar las calles y más tarde iluminaría también las viviendas. Pero todo se vino abajo por la poca seriedad del instalador, el inglés James Bollams.

O 9 de xaneiro de 1865, en sesión extraordinaria do Concello de Lugo, o alcalde, Antón Rodríguez, propón colocar un reloxio na fachada da Casa Consistorial para servicio público.

“ya que el de la catedral anda casi siempre desarreglado y porque una capital como Lugo no puede prescindir de esta mejora (...)¹.

Acéptase a proposta e comisiónase ó alcalde para que estudie o asunto. Non se teñen mais noticias do reloxio ata o 8 de abril de 1871, cando en xuntanza da Corporación amadeista o rexidor informa que se estaban a realizar obras para a colocación dun na fachada da Casa do Concello, índia que descoñecía de qué tipo. Entón encárgase á comisión de facenda que faga xestións para coñece-lo precio dos reloxios chamadas de torre². Consultadas varias casas da península e mesmo de Inglaterra, o 29 do mesmo mes a comisión informa a seus compañeiros que a mellor oferta era a de A. Parisot, de Londres: 127 libras esterlinas posto a pe de fábrica e ademais os gastos de comisión, empaque, dereitos de aduanas e conducción a Lugo. En realidade, o reloxio era mais caro que o que ofrecía o señor Zugasta, de Bilbao, pero debía preferirse o inglés, aconsella a comisión, por tratarse dunha casa moi acreditada e porque a diferencia de precio entre ambos dous fabricantes –de 4.000 a 6.000 reás- pouco debía suponer para un servicio permanente³, aínda que, segundo Narciso Peinado, este reloxio non era orixinal, é decir, montado para o Concello de Lugo, fora feito para a catedral de Málaga⁴, e por razóns que iñoramos destinado a Lugo. Os ediles deciden merca-lo inglés ca adición dun novo gasto: que o soporte das rodas fora de metal de cañón. O mesmo tempo facúltase á comisión de facenda para que fixera o pedido e ademais para que negociara o precio das dúas compás que se precisaban, en función dos cartos que se detraeran dos presupostos do 1870⁵.

As campás encárganse a Antón Blanco Varela, de Mondoñedo, o que o 3 de xuño quéixase ó Concello do gravoso que lle resultaba constitui-lo depósito en metálico e solicita que se lle admitan accións do ferrocarril polo seu valor nominal. Acéptase a proposta e as campás están en Lugo o 9 de setembro e costaran 3.487,87 pesetas ca garantía dun ano. Días máis tarde recíbese unha carta da casa A. Parisot na que informaba que o reloxio fora embarcado no vapor “Velázquez”, á consignación dos señores Requejo e López, da Coruña, e que, aceptando estes señores a comisión, era necesario remitírllelo impor-

¹ Archivo Histórico Provincial de Lugo. Act. Cap., sesión do 9 de xaneiro de 1865. Leg. 141. Rodríguez comenza en firme súa carreira política no 1854, e no mes de outubro é eleixido para rexidor 8º, mentres que Pedro Pozzi o fora para o 6º. Esta Corporación, con moi poucos cambios chega ata 1856. Cando volven os moderados prodúcense unhas Corporacións non moi ben definidas, nas que Pozzi sempre representou o progresismo, pero no 1862 foi cesado polo gobernador civil e noméase alcalde a Antón Rodríguez. Realmente non se aduxo ningunha razón para o cambio, pero deixouse entender que era por prevaricación, polo que había que facer un arqueo de bens do Concello. A sospeita fixo que dimítira a Corporación enteira por considerarse humillada. Á toma de posesión do Rodriguez só asiste o rexidor primeiro, Andrés Penín, porque tiña que presidila. Nin baixo a amenaza de multa de 1.000 pesetas acuden todos, pero os que van á toma aceptan que se faga o arqueo, o que non debiu da-lo resultado apetecido polos moderados xa que Pozzi volve ser alcalde no bienio 1863-64, para no 1865 ser sustituido de novo por Antón Rodríguez.

² Ibid. Sesión do 8 de abril de 1871. Leg. 147.

³ Archivo Histórico Provincial de Lugo. Act. Cap. do Concello de Lugo, sesión do 29 de abril de 1871. Leg. 147.

⁴ PEINADO GÓMEZ, Narciso: “Lugo monumental y artístico”. Ed. Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo. Lugo. 1989. Páx. 230.

⁵ Archivo Histórico Provincial de Lugo. Act. Cap. do Concello de Lugo, sesión do 13 de maio de 1870.

te da factura: 15.066 reás. A mediados do mes de outubro, concretamente o día 21, o Concello estérase que o aparato está na Coruña e que, a xuizo dos peritos, “es una buena máquina”. Como sempre se facía nos casos de lucida e mais eficaz xestión, dáse un voto de gracias ó concellal Xoan Moreno pola eficacia ca que levara este asunto.

Para entón as obras na fachada da Casa Consistorial estaban moi adiantadas e xa foran colocados os soportes de ferro que sosterían as campás, que pesaban 200 kilos. Os ediles non calibraran ven a obra a realizar e seguros da resistencia do edificio prescindiran de técnicos aceptando erguelos xusto cima do escudo. As consecuencias axiña se deixaron notar. No mes de decembro aparecen gretas na parede medianil da casa, no dintel da porta do salón e na fenestra do cuarto do veedor, orixinadas, en opinión dos concellais, polas obras que se fixeran para a colocación do reloxio e mais pola gravitación que exercían as columnas que sostifian as campás. Entón deciden apuntala-los ocos que estaban resentidos e suspende-lo sobrestante sen prexuício das responsabilidades que puidera ter. De inmediato solicitan a peritaxe do arquitecto provincial, o que, logo de examina-las obras, é da opinión de que a fachada resentírase por efecto da nova construcción, así que propón alixeira-lo peso do medianil, xa derrubando o construído, xa facendo obra para consolida-los muros, pero era preferible eliminar gran parte do feito. A Corporación acorda baixar de inmediato as campás e que o arquitecto estudiara onde se ia coloca-lo reloxio.

Na sesión do 2 de marzo de 1872 discútese a responsabilidade do sobrestante naquelas obras. O arquitecto provincial emite un dictame no que pon de manifesto que o contratista, é deci-lo sobrestante, cumplira cos planos e pregos de condicións, polo que era acreedor a recibir a cantidade na que lle fora adxudicada a obra. Posto a discussión este dictame, o edil Barrera manifesta que non podía autorizar tal pago porque o proyecto e mais plano non foran feitos por persoa facultativa, “dando lugar a lo que ahora resulta”. Cómpre decir que desde que se tivera a idea de coloca-lo reloxio (1865) ata que houbera que suspende-las obras pasaran sete anos moi axetreados, e nese tempo os lugueses mudaran de Corporación municipal varias veces; cando comenzañ as obras (1871), os concellais estaban embebidos de euforia amadeista, que axiña ia sufrir un devalo por mor da presión dos monárquicos alfonsinos (que en Lugo eran moitos), a impopularidade do monarca e a presión dos radicais, velaí por qué a xuntanza para discuti-las responsabilidades do contratista convertiuse en realidade nun soterrado debate político, eludindo responsabilidades ou apoñéndollas á anterior Corporación.

O edil Martínez resposta a Barrera que o contratista, Francisco de Castro, non tiña nada que ver co sucedido para que se deixara de pagarlle o que polas obras se lle adeudaba, pago que el estaba pronto a autorizar. Volve intervi-lo Barrera para facer unha rectificación no senso de aceptar que De Castro tiña dereito a cobra-lo seu traballo, xa que a responsabilidade sería de quien puxo a dirección das obras a cargo dunha persoa incompetente. Esta clara alusión ó ex alcalde, Ortega, que case non tivo tempo a se sentar na presidencia, é ratificada polo concellal Valiña, o que afirma que o importe das obras feitas ata entón debía pagalo o mestre que as dirixira ou os individuos do Concello polo mal resultado que tiveran. Ortega sae ó paso destas alusións facendo ver a Barrera e mais Valiña que a obra da torre do reloxio fora iniciada nunha época na que non había arquitecto provincial e, cando se ia sacar adiante aquel proyecto, como a municipalidade non tiña sobrestante facultativo que o dirixira, pedirán á Diputación unha persoa perita para que dirixira as obras e a comisión provincial desíñara ó delineante Luis Vázquez, “como persoa inteligente”. Naturalmente súmase ó grupo dos que defendían os dereitos de

Francisco de Castro. A pesar de ser –polo que se ve– unha cacicada da Corporación que presidira Ortega, acórdase salda-la débeda contraída co sobrestante.

Once días máis tarde (13 de abril de 1872) o arquitecto provincial, conforme ó que acordara co Concello, presenta dous proiectos para colocar definitivamente o reloxio: unha torre que se debía erguer no patio do edificio con un presuposto de 11.605 pesetas, e outro, unha torre sobre do escudo da fachada principal, que costaría 7.587. En realidade, o segundo dos proiectos non era senón unha variante das obras realizadas denantes e que houbera que suspender. Entón, visto o informe da comisión de obras públicas

"y considerando el Ayuntamiento que no hay más remedio que renunciar a las obras ejecutadas por el movimiento que produjeron en las paredes del edificio toda vez que no es posible consolidarlas, aunque se intentase por la poca resistencia de los medianiles. Considerando que el aspecto que presentarán dichas obras tampoco favorecen y antes bien perjudican el buen ornato del edificio. Considerando que el reloj es una mejora de utilidad pública y de conveniencia para el pueblo. Considerando que el proyecto número 1 del arquitecto es más aceptable que el 2, acordó aceptar el 1 y que arreglado a él se construya la torre de las campanas y reloj"⁶.

A todo esto xa pasara un ano desde que Antón Blanco Varela entregara as campás polo que pide a devolución do depósito que fixera, que lle foi devolto o 22 de outubro. Con esto o Concello atópase cunhas campás que nunca soaran e que non se sabía se ian soar. Remata o ano 1872 cunha proposición da comisión de obras públicas para que a torre levara dúas esferas: unha cara a rúa da Liberdade (actual da Raiña), e outra cara a praza da Constitución (hoxe Maior).

Nos primeiros días de 1873 faise o acopio de materiais para a torre. A contrata de pedra de sillería adxudícase a Xoan López, de San Pedro de Calde, por 36 pesetas o metro cúbico; á de pedra de pizarra, a Domingo Rubinos, de Albeiros por 3,75 pesetas o metro cúbico o cal a Antón Báscuas, de San Pedro de Seres, a 2,24 pesetas o quintal, e a area a Isidoro Rodríguez, de Piugos, a 3,50 pesetas o metro cúbico. Xa todo preparado, o 4 de marzo noméase unha comisión (Soler, Paseiro, José Fernández e mailo síndico) para que, baixo a dirección do arquitecto provincial, "dispongan la apertura de la torre del reloj". Con esta decisión –probablemente a única entón posible– os ediles rachaban a armonía dunha das prazas de mais carácter de Galicia, e mesmo a armonía da propia casa. A desfeita continuariaa o popular alcalde Angel López Pérez, o que parece ser recibiu por elo unha bronca de Alfonso XIII, e algúns constructor.

Non sabemos se debido ás obras para instala-lo reloxio, que ian "chocar" de abondo ca encalada fachada do Consistorio, ou porque os ediles tivesen un sentido da estética urbán que hoxe non teñen, o caso foi que se decataron de que o encalado das fachadas de pedra –en Lugo entón tódalas casas, agás unhas poucas na Ruanova que eran de madeira– non facía senón "máñchalas", e que a propia Casa do Concello, encalada, como decimos, desde facía moito tempo, desmerecía notablemente da súa verdadeira calidade. Así que a comisión de obras públicas recibe tamén o encargo de estudalo

⁶ Archivo Histórico Provincial de Lugo. Sec. Act. Cap. do Concello de Lugo, sesión do 13 de Abril de 1872. Leg. 148.

escodado daquela. Logo duns estudos que descoñecemos, o 10 de xuño a comisión axusta o escodado da parte plana ós canteiros Alberto Portela e Manuel Polín, a 1,87 pesetas o metro cadrado, o que representaba 665,72 pesetas. As molduras do balcón e mailos escudos da fachada xa se estaban escodando a xornal por varios canteiros⁷. Para relabra-las torres e remates do edificio fixose outra contrata cos canteiros Francisco Soilán e Manuel Polín. Como a torre proyectada remataba cunha armadura de ferro para soste-las campás -armadura que foi retirada cando nosoutros eramos rapazolos- esta encargouse ó fabricante de fundicións de Bilbao, don Agapito Sarvoa, o que introduce modificacións no proyecto para darlle maior solidez –entre elas mais altura– sinala á Corporación que o peso aproximado da armadura ascendía a 100 quintales e fixa o precio da arroba en 50 reás a pe de fábrica. Os concelleais,

“Considerando que en Lugo no hay artistas para hacer una obra como de la que se trata. Considerando que el precio está bien. Considerando que el plazo es prudente, ya que estaban terminándose las obras de la torre, acepta el presupuesto del fabricante”.

Finalizado o escodado, a Corporación, agora republicana, encarga ó canteiro Manuel Polín a reposición de tres bolas que faltaban nunha torre. Dous días despois deste acordo (5 de agosto), o arquitecto fai ver ó Concello a necesidade de adquirir tres esferas para o reloxio, en vez das dúas propostas pola comisión de obras públicas. Logo dun debate acórdase que así se faga e que as dúas que levaría de mais, xa que nun principio soamente se pensara nunha frente á praza, e logo en dúas, foran feitas polo A. Parisot co mesmo sistema utilizado para a que chegara a Lugo ca maquinaria. O inglés acepta o encargo “con las piezas y ruedas que se necesitan” e así llo comunica á comisión de obras públicas, integrada agora por Xoan Díaz, Ramón Cociña, Francisco López e Xoaquin Dorado, pero deixa moi claro que costan pe de fábrica e ó contado 90 libras esterlinas. O Concello ten que aceptar estas condicións porque non había quen as fixera mellor.

Mentra-la armadura para as campás navegaba rumbo á Coruña (mes de novembro), a comisión, co gallo de evitar males maiores, coloca un pararrayos na torre, trebello que se encarga a Madrid e que costa (cadea e corda galvanizada) 820 reás. Cando a armadura chega a Lugo, pasa a maos do profesor de pintura Blas Ramos, o que a pinta por 476 reás. Con todo esto, no momento de facer balance do gastado –xa no ano 1874– o presupuesto fora desbordado: ata o 16 de xullo gastáranse 7.511 pesetas; desde o 17 de xullo ata o 22 de agosto, co primeiro prazo da armadura, 4.040, e desde o 22 de agosto ó 8 de xaneiro de 1874, 17.448, o que fai un total de 28.999 pesetas. O 19 de febreiro de 1874, Uriarte, Uribe e Cia. xiran o terceiro prazo da armadura.

Con esto só faltaban as obras de carpintería e albañilería, que son contratadas o 5 de marzo, as primeiras con Antón Sánchez Montaña, por 558 pesetas, e a albañilería con Francisco Valdés, en 1.150. Con todo, logo do pago das esferas, mailo tercio do plazo da armadura, en total 6.350 pesetas, a instalación do reloxio subira 35.349 pesetas, un precio bastante caro.

⁷ Esta balconada fora fundida por Miguel Urioste, de Bilbao (Archivo Histórico Provincial de Lugo. Act. Cap. do Concello de Lugo, sesión do 28 de agosto de 1873)

Entregada a obra, e con tódolos elementos para poñer a anda-lo reloxio, os ediles sinten unha gran ledicia xa que remataba unha mellora que tardara nove anos en se facer realidade (1865-1874); non se decataban que agora empezaba outro problema, o de quén a ia poñer a andar, quén ia armar e cuidar do reloxio. Nun principio diríxense ó reloxeiro Canoura, o que pide 1.500 reás por poñe-lo aparato a funcionar e 5 reás diarios por darrle corda, precio realmente abusivo porque corda no se lle daba tódolos días. Entón buscan outros técnicos e logo de moitas voltas encárganlle ese traballo a Mateo Manso, que o fai por 200 pesetas, e ó que se nomea “encargado” cun sueldo anual de 160 pesetas. Pero Manso renuncia por “incompatibilidade” e propón a Victorino Fajardo⁸. Como non había outra solución, a Corporación acepta esta proposta nas mesmas condicións que tiña Manso, mais seis anos despois, o 18 de xullo de 1881⁹, Fajardo tamén renuncia e a Corporación, para evitar estes inconvenientes de “incompatibilidades e renuncias” acorda facer pública a vacante.

LUGO RENUNCIA Á LUZ DE GAS

Na cidade das murallas as cousas nunca se tomaron con presa e moito menos o alumado, pois áinda hoxe o que hai é pouco, pobre e ruin, mellor sí que cando os veciños tiñan que sair da casa con linternas, pero inconcebible nunha agrupación humana que se chama “cidade” e que está a piques de entrar no século XXI. Realmente os lugueses estamos ás oscuras desde que o brigadier Francisco Javier Bazarra, gobernador de Lugo imposto polo marqués de la Romana á saída dos franceses da cidade durante a guerra da Independencia, ordenou poñer na capital puntos de luz que alumaran as rúas. Áinda que as lámparas eran de aceite, foi un intento por facernola vida mais grata que temos que agradecer, porque un século despois de instalada a luz eléctrica (1894-1994) áinda seguimos as apalpadas e nas noites de invernía nin eso... Pero como neste mundo non se conforma quen non quiere, á falta de luz, os lugueses disfrutaron do reloxio do Consistorio, máis serio que o da catedral. Pero o que quería sair de noite, por diversión ou por obligación, tanto co petróleo coma co gas, que non houbo, ou a electricidade, que tardou en se normalizar, tivo que votar mao das linternas para alumina-las oscuras noites luguesas. O caso foi que, cando se empezaba a falar dun novo sistema de alumado (a lámpara de incandescencia), James Bollams, un promotor inglés –entón os ingleses facían case todo– desplazouse a Galicia para tentar instalar nas cidades a luz de gas (*hidrógeno carbonado*), e xa ben entrado o ano 1878 púxose en contacto co Concello de Lugo ca pretensión de establecer na cidade en gasómetro. A Corporación nomea unha comisión (Pefia, alcalde, González e Teixeiro) para que estudie a proposta; logo duns días decide acepta-lo ofrecemento e así llo comunica á Corporación, a que toma o acordo de instala-lo gas baixo as seguintes condicións:

- “Se concede a este señor por espacio de 40 años
- El alumbrado público se servirá por medio de 230 faroles (200 en el interior de la población y 30 en el exterior –fuera de murallas–)
- Cada farol alumbrará 6 horas diarias como mínimo

⁸ Archivo Histórico Provincial. Act. Cap. Concello de Lugo, sesión do 28 de agosto de 1875. Libro, 151.

⁹ Ibid. Libro, 157

- El Ayuntamiento abonará 4 maravedíes de real por mechero y hora
- Los mecheros serán iguales a los de La Coruña
- En caso de iluminaciones o festejos públicos se abonará por el Ayuntamiento el gasto extraordinario de gas
- El señor Bollams se compromete a construir la fábrica, gasómetro y demás adherentes necesarios por su cuenta y todo lo demás: faroles, columna, etc.
- Adquirirá también por su cuenta los terrenos para dichas construcciones
- Pasados los 40 años, Bollams conservará la propiedad de la fábrica y sus adherentes, lo mismo que cañerías, el resto pasará al Ayuntamiento
- El Ayuntamiento cederá al inglés el material útil que ahora posee
- El Ayuntamiento pagará por meses vencidos
- El suministro de gas para alumbrado particular se hará por medida y contador”¹⁰.

A exclusiva de 40 anos comprendía o alumado público e mailo dos veciños.

As bases foron aprobadas por unanimidade, como non podía ser menos, porque o beneficio que o Concello sacaba delas era grande. Pero Bollams non quedou moi convencido, así que o 9 de novembro propón pequenas modificacións que son discutidas o 18 pola Corporación, a que, tras dun animado debate, acorda que si durante os 40 anos se inventase ou descubrises outra clase de luz, aplicable ó alumado público

“la empresa tendrá la obligación de establecerla en esta capital, en el momento en que esté en 20 poblaciones de la península y al Ayuntamiento le conviniere (...)"

Os concelleais xugaban forte, pero Bollams non podía aceptar tal proposición, sendo, como era, Lugo unha pequena cidade que non chegaba a cincoenta mil habitantes. A proposta implicaba que Lugo sería unha das primeiras capitales de provincia en instala-la luz eléctrica. En efecto, William Scott Smytt, inxenieiro e mais apoderado do Bollams, resposta que non pode acepta-las condicións e propón as seguintes modificacións, aceptadas polo Ferrol:

“En caso de nuevo procedimiento que dé una disminución notable en el gasto, la empresa se compromete a fabricarlo y la diferencia por mitad, para el Ayuntamiento y para la empresa. Si con un nuevo procedimiento se consigue un sistema de alumbrado más perfecto (...) la empresa se compromete a instalarlo en Lugo, después que tres años de experiencia demuestren su reconocida utilidad en 3 poblaciones de España menores de 50.000 almas, que tengan alumbrado de gas fluido, pero el Ayuntamiento no podrá exigir de la empresa variación ninguna en el sistema de alumbrado en los 10 primeros años de este contrato, terminados los cuales se le concederán siempre tres años para su planteamiento y colocación del material necesario y este servicio se abonará a la empresa al precio medio que resulte en las tres poblaciones mencionadas, concediéndole la exclusiva para el alumbrado público”.

¹⁰ Archivo Histórico Provincial de Lugo. Act. Cap. do Concello de Lugo. O tema ocupa os legaxos 154 e 155.

Tampouco as propostas do inglés eran aceptables, xa que o Concello, que non tiña un real, había de paga-la obra por mitade; non se instalaría ata demostra-la súa utilidade en tres poblacións máis ou menos coma Lugo, pero non se especificaba quén determinaría algo tan vago como é a “utilidade” e habería que agardar 13 anos, ou, cando menos, seis: tres para determina-la súa utilidade e outros tres para colocación do material para este servicio, que lle sería abonado á empresa ó precio medio que resultase nas pobla-cións tomadas coma indicativas. Con todo, como a presión pola banda da cidadanía debía ser grande, a comisión foi da opinión que se debían accepta-las condicións, así que a Corporación aproba a instalación do gas, decisión que se lle comunica ó Bollams o 17 de decembro. O 14 de febreiro de 1879 autorízase ó alcalde para outorga-la escritura pública diante do notario de Lugo Santiago Basanta Olano. Agora soamente restaba agardar que comenzasen as obras, pero pasan os meses e os lugueses non ven trazas de ter novo alumado. No mes de outubro, nove despois de rematada-las xestións, William Scott, que entón residía na Coruña, solicita outros nove meses de prazo, xa que estaba comprometido con outra compañía para establece-lo gas no Ferrol e mais Vigo. O Concello, que xa agardara moito tempo e negociara o alumado antes que Vigo, non accede á prórroga, se ben afinda agarda ata o 15 de abril de 1880. Entón, ó non ter comenzado as obras dáse por caducada a concesión da exclusiva do servicio, ca perda da garantía (5.000 pesetas en obligacións do Tesouro –accións de aduanas–), e o 28 de agosto decídese negocia-la na Bolsa de Madrid, á par. A fachenda municipal mantivo ós lugue-ses en penumbra ata 1894, que chegou a eléctrica, pero durante moito tempo ou non a había ou era tan mortecina que tivo ós luguesas realmente cabreados, ameazados, como estaban, pola revolta dos franceses orensáns, que tentaron chegar a Monforte e mais Lugo, polos carlistas, e o pronunciamento de 1868 que, o mesmo que a monarquía de Don Amadeo, a República e a restauración borbónica, acarreou algúns problemas de orde público. Pero realmente o que mais afectou ós lugueses foi ó problema dos quintos. Lugo, e Galicia en xeral, nunca tivo simpatías polo servicio militar que se estaba a leva-los mellores brazos debido a unha situación de perpetuo conflicto bélico. A causa chegara tan lexos que moitos Concellos do país negábanse a face-las levas, conscientes do empobrecimiento que eso representaba. Causa abraio e anoxo examina-los expedientes de quintas, moi ben conservados nos Concellos, e atoparmos con que nosos devan-ceiros non median mais de 1,40 metros –o que acadaba o 1,50 era un xigante–, debido, segundo Viñas Mey, á fame. Nos mesmo en “Los liberales lucenses (1808-1854)” recollemos un informe da cidade de Lugo á Asamblea de Bayona no 1808, no que, entre outras cousas, dícese que seus habitantes “...se ven reducidos a usar del pasto de los cam-pos como en las circunstancias, de la calidad de brutos irracionales...”, é decir, víanse obrigados a pacer. ¿Merecía a pena loitar?... A resposta non corresponde a este artigo, e así rematamos decindo que a oscuridade porque non había luz pública favorecia a fuxida dos quintos, axudados polos seus pais, ós que non lles importaba ingresar no cárcere. Pero antes de rematar cómpre decir que para ledicia dos concellais e mais do pobo, un decreto do 18 de marzo de 1878 concedíalle ó Concello o tíduo de “Excelencia”:

“Queriendo dar una prueba de mi real aprecio a la ciudad de Lugo por sus
distinguidos antecedentes y constante adhesión a la monarquía, vengo en con-
ceder a su Ayuntamiento el tratamiento de Excelencia.
Dado en Palacio a 18 de marzo de 1878”.

